



# II CARREIRA e ANDAINA SOLIDARIA DE LEO

## O Mosteiro – Meis (Pontevedra)



*sempre sae o sol*

# III CARREIRA E ANDAINA solidaria de Leo

**5 OUTUBRO 2025**  
**O MOSTEIRO (MEIS) PONTEVEDRA**

ORGANIZA:  
 A BARALLA

PATROCINADORES INSTITUCIONAIS:





## II CARREIRA e ANDAINA SOLIDARIA DE LEO



### O Mosteiro – Meis (Pontevedra)

#### O legado de Leo

Leo, nado en Meis hai 2 anos, necesitaba dun respirador 24 horas para seguir con vida. Naceu cunha mutación xenética clasificada entre todas esas «enfermidades raras» que, só en Galicia, afectan a **200.000 persoas**.

Dende que foi diagnosticado, a súa familia fixo todo o posible para intentar salvarlle a vida. Instaláronse en Barcelona por si chegaba o miragre dun trasplante pulmonar e malia que este chegou, o pequeno non logrou saír adiante. Faleceu en **novembro de 2022**.

Durante todo este tránsito, a súa familia sempre se sentiu moi arroupada por amizades, familiares, veciñanza, comunidade educativa, asociacións, clubs deportivos, etc. Agora son eles os que deciden continuar con esta onda solidaria para **recadar fondos para as enfermidades raras** e á súa vez **rendir homenaxe ao pequeno Leo**.

O obxectivo deste evento, que trascende o deportivo, é dar visibilidade, apoiar e recadar fondos que axuden a **investigar e mellorar a calidade de vida de nenos e nenas que padecen enfermidades raras, severas ou crónicas**.

A celebración desta proba é unha **mostra do seu legado**, a nosa maneira de honralo e de sentir que o seu paso polo mundo non foi en balde, senón que serviu, serve e servirá para axudar a nenos/nenas que están a pasar por situacións semellantes á súa.

Para máis información poden consultar as seguintes ligazóns:



[INSTAGRAM A Carreira de Leo](#)



[FACEBOOK A Carreira de Leo](#)



[FACEBOOK Asociación A Baralla](#)



## II CARREIRA e ANDAINA SOLIDARIA DE LEO



### O Mosteiro – Meis (Pontevedra)

#### Regulamento

**Art.1)** A Asociación A BARALLA organiza a “III Carreira e Andaina Solidaria de Leo” o **DOMINGO 5 de OUTUBRO de 2025** na localidade de O Mosteiro – Meis (Pontevedra). Dita proba estará baixo o control do *Comité Galego de Xuíces* da Federación Galega de Atletismo e contará coa colaboración do Concello de Meis e outras entidades. Haberá dúas modalidades, **carreira e andaina**, para que a participante escolla a que lle conveña.

**Art. 2)** Poderán participar atletas federados/as e non federados/as e haberá unha clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do *Comité de Xuíces* da Federación Galega de Atletismo.

#### Art. 3) CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS

	CATEGORÍA	ANO NACEMENTO IDADE	DISTANCIA	HORARIO SAÍDA
<b>ANDAINA</b>	Non hai categorías		6.500 m	<b>9:30</b>
<b>CARREIRAS</b>	Absoluta	2007 e anteriores	5.000 m	<b>11:15</b>
	Sénior Máster A Máster B Máster C	Desde 2007-34 anos 35-44 anos 45-54 anos 55 e superiores	5.000 m	<b>11:15</b>
	Sub 18	2008 - 2009	1.600 m	<b>12:15</b>
	Sub 16	2010 - 2011	1.600 m	<b>12:15</b>
	Sub 14	2012-2013	1.200 m	<b>12:30</b>
	Sub 12	2014-2015	800 m	<b>12:40</b>
	Sub 10	2016-2017	400 m	<b>12:50</b>
	Sub 8	2018-2019	250 m	<b>13:00</b>
	Pitufos	2020-2022	100 m	<b>13:05</b>
	Chupete	2023-2024	50 m	<b>13:10</b>

- As/os atletas de **categoría Sub 18** poderán participar na carreira absoluta mediante **invitación da organización**, contactando con esta mediante o correo electrónico [acarreiradeleo@gmail.com](mailto:acarreiradeleo@gmail.com).



## II CARREIRA e ANDAINA SOLIDARIA DE LEO



### O Mosteiro – Meis (Pontevedra)

#### Art. 4) LUGAR DE SAÍDA E PERCORRIDOS

- A saída das CARREIRAS e da ANDAINA será dende [Praza de España \(O Mosteiro\)](#).
- Os percorridos definitivos das CARREIRAS estarán dispoñibles nas redes sociais da Carreira de Leo **15 días antes** do desenvolvemento das probas.
- A ANDAINA discorre en gran parte pola senda dun río. Malia que existe algún **punto de tránsito complicado**, dende a organización consideramos que son treitos salvables e o acceso a cadeiras de rodas deportivas e carriños de paseo é posible.
- Permítese a participación na ANDAINA de mascotas coa obriga de empregar **correa e cadea** de menos de **2m de lonxitude**, así como un **bozal homologado** (naqueles cans nos que se considera necesario en virtude do novo sistema de catalogación para a súa circulación en espazos públicos). **Os cans NUNCA deberán ir soltos.**

#### Art. 5) INSCRICIÓNS

##### **CÓMO e ONDE FACELO**

- ON LINE ata o LUNS **29 de setembro de 2025**.  
na páxina da Federación Galega de Atletismo: [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)
- PRESENCIALMENTE ata o VENRES **26 de setembro de 2024**.
  - **CPI de MOSTEIRO – MEIS** en horario de 9.30 a 13.30 de luns a venres e de 16.30 a 18.00 os luns e martes.
  - **AUTOSERVICIO MONTSE** en O Mosteiro - Meis.
  - **PARAFARMACIA MOSTEIRO** en O Mosteiro – Meis.
  - **ATLEET DEPORTES PIÑEIRO** en Barrantes - Ribadumia.

\*\*\*\* Ás persoas inscritas **a partires do 16 de setembro** NON se lles garantirá a **dispoñibilidade de talla ou camiseta** xa que a produción das mesmas débese facer coa antelación suficiente. A produción está limitada a 2.000 unidades.

##### **PREZOS**

- **ANDAINA: 10€.**
- **CARREIRAS**
  - **Chupete e Pitufu** (nados de 2020 a 2024): **8€.**
  - **Sub 8, Sub 10, Sub 12, Sub 14, Sub 16 e Sub 18** (nados de 2008 a 2019): **10€.**
  - **Absoluta e Máster** (nados en 2007 e anteriores): **12€.**

\*\*\*\* As persoas inscritas en **CARREIRAS** **poderán realizar a ANDAINA**, pero non á inversa. As inscritas en ANDAINA só poderán participar na ANDAINA.



## II CARREIRA e ANDAINA SOLIDARIA DE LEO

### O Mosteiro – Meis (Pontevedra)



#### Art. 6) SERVIZOS

##### **QUE INCLÚE A INSCRICIÓN?**

- \* CAMISETA SOLIDARIA conmemorativa da carreira (*limitada a 2.000 inscricións*).
- \* MEDALLA FINISHER (nados de 2014 a 2024).
- \* AVITUALLAMENTO líquido e sólido.
- \* AMBULANCIA CON PERSOAL SANITARIO.
- \* SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E DE ACCIDENTES.
- \* ANIMACIÓN e AMBIENTACIÓN MUSICAL (durante o evento deportivo).
- \* CONCERTOS MUSICAIS (post-carreira).
- \* TICKETS para INCHABLES (post-carreira).
- \* SERVIZO DE DUCHAS (a 400 m da liña de meta).
- \* GARDARROUPA (Só participantes na **Carreira 5K**).
- \* FISIOTERAPIA (Só participantes na **Carreira 5K**).

#### Art. 7) RECADACIÓN SOLIDARIA

- Na páxina web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) existirá a posibilidade de realizar doazóns e inscribirse con **“DORSAL 0”** para aqueles e aquelas que desexen aportar o seu gran de area e non poidan participar no evento.
- **TODO O RECADADO** será doado a 2 entidades:
  - O 50% á [ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE ENFERMOS DE ALEXANDER](#) que traballa para recadar fondos para a investigación desta leucodistrofia que ten unha curta esperanza de vida. En Galicia, coñecemos a dous nenos diagnosticados: [@unacuraparamauri](#), de Nigrán e [@asonrisadexandre](#), de O Grove. **Segue estas contas para + información.**
  - O 50% a [DUCHENNE PARENT PROJECT](#), asociación que axuda e investiga esta distrofia muscular progresiva. Esta doenza incapacita gravemente aos nenos/as que a padecen arredor dos 12 anos e limita enormemente a súa esperanza de vida. En Galicia, existen arredor de 50 casos diagnosticados en 2025.



## II CARREIRA e ANDAINA SOLIDARIA DE LEO



### O Mosteiro – Meis (Pontevedra)

#### Art. 8) RECOLLIDA DE DORSAIS / CAMISETAS SOLIDARIAS

- Recomendamos e agradecemos que o fagades na [CASA DE ESCUDEIRO \(Campo de Feira do Mosteiro\)](#) o **sábado 4 de outubro** de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 horas. Principalmente as persoas participantes da ANDAINA.
- Tamén se poderá realizar o **mesmo día da proba** dende as 8:30 ata *media hora antes* da carreira correspondente.

#### Art. 9) PREMIOS

Os premios para a **ANDAINA** realizaranse por **SORTEO** entre os participantes.

Serán anunciados nas pantallas situadas a carón da liña de meta e deberán ser recollidos na caseta de TICKETS mostrando o DORSAL o propio día da carreira.

Os premios para a **CARREIRA** serán os seguintes:

- **Categorías Chupete, Pitufos, Sub 8, Sub 10 e Sub 12:**  
Medallas conmemorativas para tódolos/as participantes.
- **Categorías Sub 14, Sub 16 e Sub 18:**  
Medalla Especial para os 5 primeiros clasificados masculinos e femininos.
- **Categorías Absoluta, Sénior e Máster:**
- Trofeo para os 3 primeiros/as clasificados/as en Categoría Absoluta.
- Trofeo para os 3 primeiros/as clasificados/as en Categoría Sénior (18-34 anos).
- Trofeo para os 3 primeiros/as clasificados/as en Categoría Máster A (35-44 anos).
- Trofeo para os 3 primeiros/as clasificados/as en Categoría Máster B (45-54 anos).
- Trofeo para os 3 primeiros/as clasificados/as en Categoría Máster C (+ 55 anos).
- Trofeo Supermáster, á atleta e ao atleta de máis idade que remate a proba.
- Trofeo para o/a 1º/a Corredor/a Meisino/a da Carreira Absoluta.
- Trofeo Participación, aos clubs/organizacións con máis inscritos que finalicen a proba.
- Trofeos pola Inclusión, a tódolos clubs/organizacións que participen con deportistas con mobilidade reducida en cadeiras de rodas e/ou adaptadas.

\*Os premios *Non son acumulativos*, tendo preferencia a categoría absoluta sobre as demais.

#### Art. 10) DESCUALIFICACIÓNS

Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, poderá ser descualificado. Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización, nin persoas non inscritas na proba que poidan avituallar ou marcar ritmos ás participantes.



## II CARREIRA e ANDAINA SOLIDARIA DE LEO



### O Mosteiro – Meis (Pontevedra)

#### Art. 11) RECLAMACIÓN

As reclamacións aos resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó/a Xuíz/a Árbitro/a da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

#### Art. 12) LOPD

- Todas as persoas corredoras, ao realizaren a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou Internet. Mediante a inscrición, a participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados pola Federación Galega de Atletismo para comunicacións sobre as súas actividades.

- Toda persoa participante polo xeito de inscribirse permite que as imaxes, vídeos e entrevistas realizadas pola organización poidan publicarse nas súas redes sociais conforme ao disposto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, relativo á protección da persoa física no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD), así como na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

#### Art. 13) COMPROMISO

Todos/as os/as atletas inscritos/as nas probas darán por aceptado o presente regulamento e o descoñecemento do mesmo non exime do seu cumprimento.

#### Art. 14) OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGLAMENTARIAS

- A organización resérvase a potestade de cambiar os percorridos definidos, horarios ou modificar o regulamento, circunstancias que serán comunicadas ás persoas participantes.

- Calquera aspecto non recollido neste regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA e RFEA (por este orde) para probas en ruta en vigor.

- A organización da proba declina toda a responsabilidade dos danos que os/as atletas puideran ocasionar, ocasionarse ou derivasen da participación nas probas. A organización tampouco se responsabiliza dos obxectos persoais que poidan extraviarse ou danarse.

- Poderán consultar os resultados oficiais e toda a información sobre as probas nas webs:

[www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)

[www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal)

[www.correrengalicia.org](http://www.correrengalicia.org)

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ránking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 - 15008 A Coruña.



## II CARREIRA e ANDAINA SOLIDARIA DE LEO



O Mosteiro – Meis (Pontevedra)

### ORGANIZA:



### ENTIDADES BENEFICIARIAS:



### COLABORAN:



XUNTA DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE



Deputación Pontevedra



CONCELLO DE MEIS





**III CARREIRA E ANDAINA**  
*solidaria de Leo*

**5 OUTUBRO 2025**  
**O MOSTEIRO (MEIS) PONTEVEDRA**

ORGANIZA:  
A BARALLA

PATROCINADORES INSTITUCIONAIS:



CARTEL PROVISIONAL DO EVENTO  
(Sen patrocinadores oficiais)

## A HISTORIA DE LEO

A historia de Leo é unha das moitas que lles suceden a cativos e cativas do noso país.

O noso fillo deixounos o **12 de novembro de 2022** despois de loitar contra unha das miles de enfermidades raras que por desgraza existen. Unha mutación xenética impedíalle respirar e por iso dende que naceu o **25 de outubro de 2021** necesitaba dun respirador 24 horas para seguir con vida. A única solución para Leo pasaba por un trasplante pulmonar.

O centro de referencia para estas intervencións é o **Hospital Vall d'Hebrón**, polo que a nosa familia se trasladou a Barcelona o **14 de marzo de 2022** para cumprir co requisito de estar a menos de 2 horas do citado hospital. Alí, coñecemos a moitas familias que estaban a pasar por circunstancias similares e a nosa forma de ver a vida mudou.

Ao pouco de instalarnos en Barcelona decidimos darlle visibilidade ao caso de Leo. A través do festival escolar **SOLIFESTI**, organizado polo CPI de Mosteiro-Meis e a colaboración da Asociación A Baralla, a ANPA A Capela e o Concello de Meis recadáronse fondos para a causa de Leo.

A dimensión deste evento foi tal, que a través dunha **iniciativa lexislativa popular** e coa axuda de **Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas** conseguimos que se aprobase no **Parlamento de Galicia** que as familias desprazadas da Comunidade Autónoma por motivos sanitarios tivesen dereito a algo que daquela a administración non contemplaba: **percibir axudas para costear gastos a estada e manutención**. Axudas que se concretan na [ORDE do 8 de febreiro de 2024 pola que se regula o procedemento de compensación por gastos de desprazamento, aloxamento e manutención no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia.](#)

O legado de Leo comezaba a dar os seus froitos.

O ansiado trasplante chegou 5 días antes de que o noso pequecho cumprira 1 ano de vida. Lamentablemente, despois de 24 días na UCI non puido seguir adiante.

## POR QUE FACEMOS A CARREIRA DE LEO?

A celebración desta proba é unha mostra máis do seu legado, a nosa maneira de honralo e de sentir que o seu paso polo mundo non foi en balde, senón que serviu e servirá para axudar a nenos, nenas e familias que están a pasar por situacións de saúde delicadas.

A finalidade principal non é outra que dar visibilidade, apoiar e recadar fondos que melloren e/ou proporcionen unha maior calidade de vida aos **nenos e nenas con enfermidades raras, severas ou crónicas**.



## QUE É A CARREIRA SOLIDARIA DE LEO?

É máis que unha carreira. É un evento que dura arredor de 12 horas diferente a calquera outra proba deportiva desta índole. Pola mañá desenvólvese a parte deportiva: **andaina de 7km, carreira de 5km e carreiras infantís**. Polo tarde, continúa ata o solpor e o evento convértese nunha **fiesta de carácter familiar**, con food-trucks, pulpeiras, inchables para os cativos, animación infantil e actuacións musicais.

Con toda humildade podemos afirmar que este evento ten unha enerxía especial, que crean tanto público como participantes. A proba é **100% solidaria** e tódolos beneficios destínanse á investigación, tratamentos ou terapias de enfermidades raras infantís.

► **En 2023 (1ª edición)**, os fondos conseguidos, **12.000€**, destináronse á **FEGEREC** (Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas).

► **En 2024 (2ª edición)**, conseguimos aumentar a cantidade ata **24.259€**, a repartir entre:

- ["ART FOR DENT"](#), (Asociación Galega de Dent) que desenvolve un **proxecto de investigación** desta enfermidade no [NEFROCHUS](#) de Santiago de Compostela.

- A asociación ["BICOS DE PAPEL"](#) que desenvolve proxectos de apoio a **pacientes pediátricos oncolóxicos**, entre eles o "Parque dos Bicos" no Hospital Álvaro Cunqueiro, ao que se destinaron os fondos recadados.

► **En 2025 (3ª edición)** os beneficiarios da recadación serán dúas entidades:

- [DUCHENNE PARENT PROJECT ESPAÑA](#): É unha asociación creada e dirixida por pais e nais de nenos afectados que loita por encontrar unha cura ou tratamentos que melloren a calidade de vida dos afectados e as súas familias. A Distrofia Muscular de Duchenne e Becker é unha enfermidade dexenerativa e sen cura que, só en Galicia, afecta arredor de 50 cativos. Os músculos dos afectados debilítanse pouco a pouco ata perder toda funcionalidade, limitando enormemente a súa esperanza de vida.

- [ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE ENFERMOS DE ALEXANDER](#): Esta doenza ultrarrara é unha leucodistrofia que afecta ao sistema nervioso central. Non ten cura, provoca a destrución progresiva da mielina, a substancia que recubre e protexe as neuronas, e como consecuencia produce un grave deterioro das capacidades motoras e cognitivas dos pacientes. En Galicia, coñecemos dous nenos diagnosticados: Xandre, de O Grove e Mauro, de Nigrán. Visítade as súas contas de Instagram para coñecer máis: [@unacuraparamauri](#) // [@asonrisadexandre](#)

## A CARREIRA DE LEO 2024 EN NÚMEROS

▶ Na edición de 2024 *a recadáronse* **24.259€**. Destacamos aquí a aportación de **3.743€** a través do “Dorsal 0” e a través de doazóns dos participantes, o que da mostra da implicación social na proba.

A continuación detállase en cifras o que foi a “2ª Carreira e Andaina Solidaria de Leo”:

▶ Nº TOTAL DE PARTICIPANTES: **1960 deportistas.**

- Andaina 7 km: 1370 camiñantes.
- Carreiras escolares (1 a 18 anos): 333 atletas
- Carreira absoluta 5 km: 257 atletas.

▶ ESTIMACIÓN DE PÚBLICO NON PARTICIPANTE NAS PROBAS: +/- **500 asistentes.**

▶ PERSONAL VOLUNTARIO IMPLICADO NA ORGANIZACIÓN: +/- **100 persoas.**

▶ DESENVOLVEMENTO DO EVENTO

- 09:00: **ANDAINA 7 KM.**
- 09:00: Inicio de animación musical co grupo folk “Os Druídas”.
- 10:30: Inicio de animación musical coa “Charanga Alambique”.
- 11:00: **CARREIRA ABSOLUTA 5K.**
- 11:00: Animación con Zancudos “Eva Lede Eventos”.
- 12:00: **CARREIRAS INFANTÍS** (Dende Sub 18 ata Chupetes).
- 13:30: **Entrega de trofeos e medallas**
- 15:30: Actuación Animación Infantil “Javi Solla”
- 16:00: Apertura Inchables “Tikolandia”
- 16:30: Actuación “Lontreira”.
- 17:30: Actuación “Koko DJ”.
- 19:30 horas: **Finalización do evento.**







## OBXECTIVOS ACADADOS CARREIRA DE LEO 2024

- ▶ OBXECTIVO PRIORITARIO: cubrir o **100% dos gastos de organización**. Conseguiuse grazas ao apoio económico de institucións e empresas patrocinadoras.
- ▶ PATROCINIOS: Sumáronse **57 empresas** do sector privado sen facer petición directa, só pedimos colaboración a través das redes sociais. É para nós motivo de orgullo e mostra da implicación da sociedade con estes temas e co noso evento en particular.
- ▶ APOIO INSTITUCIONAL: contamos co apoio de institucións como o **Concello de Meis**, a **Mancomunidade do Salnés**, a **Deputación de Pontevedra** e a *Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia*, que ademais de brindarnos impulso promocional, foron esenciais para o desenvolvemento loxístico da proba.
- ▶ PARTICIPANTES: ao contar con escolares do CPI do Mosteiro - Meis e moitos outros da comarca, ser unha proba federada da Federación Galega de Atletismo e incluír tamén un formato menos esixente como é a andaina, acadamos practicamente os **2.000 participantes**, que era o obxectivo desta edición.
- ▶ PADRIÑO e MADRIÑA 2024: Foron o actor **Carlos Blanco** e a deportista con máis participacións en xogos olímpicos, a piragüista **Teresa Portela**. Teresa e Carlos estiveron presentes, tanto na presentación do evento conducido polo xornalista **Terio Carrera** como na realización da andaina o día 29 de setembro.



## OBXECTIVOS CARREIRA DE LEO 2025

► **OBXECTIVO PRIORITARIO:** cubrir o **100% dos gastos de organización** e aumentar a cantidade recada para os proxectos das entidades beneficiarias.

► **CONSOLIDACIÓN DA PROBA:** establecerse no calendario de probas de atletismo, sen competencia de probas similares nesa fin de semana. Con tan só 2 edicións podemos afirmar que xa é un **referente anual** e considerase “*a carreira das enfermidades raras*”.

► **+ INCLUSIVA:** crearemos a “categoría inclusiva” con premios para os participantes . Adaptarase o percorrido para aumentar a participación de persoas con **diversidade funcional**. Contamos coa participación confirmada de entidades que corren con carros adaptados como Discamino, Empujando Sonrisas, Yo corro por Lúa, Éric e Silvia, etc.

► **+ PARTICIPACIÓN NA CARREIRA 5K:** estanse a celebrar cada mes e medio aproximadamente as “**Quedadas de Leo**”, que son xuntanzas de corredores/as coas que buscamos incentivar ás persoas que habitualmente realizan a andaina, a dar o salto a correr os 5 km da carreira absoluta. Outro obxectivo das “Quedadas” é promocionar o evento, xa que ademais de Meis, tamén se levan a cabo en vilas e cidades próximas como **Cambados e Pontevedra**.

Do mesmo xeito, estanse a levar a cabo semanalmente “**Talleres de marcha nórdica**” co club Move de Pontevedra co fin de promover a actividade física entre os membros da nosa comunidade.

► **PRESENTACIÓN DO EVENTO:** será aberta ao público no Campo da Feira do Mosteiro e levarase a cabo o **5 de setembro**. Será conducida polo xornalista **Terio Carrera**, que tamén será o speaker da carreira e andaina o 5 de outubro.

► **+ EVENTOS PARALELOS:** ademais das mencionadas quedadas e talleres de marcha nórdica, o **5 de setembro**, ao finalizar a presentación, imos a realizar unha noite de “**Monólogos Solidarios de Leo**”.

Contaremos coa participación de diversos/as humoristas galegos que virán a Meis a sumarse á nosa causa. O 100% dos beneficios da venda de entradas sumarase ao recadado o día da Carreira e Andaina de Leo de 2025.

► PADRIÑO e MADRIÑA 2025:

**Éric Domingo Roldán** (@eeriic), embaixador de Hyundai España e Récord Guinness en maratón empurrando unha cadeira de rodas, será o padriño desta edición tan especial da Carreira de Leo. Non virá só: o 5 de outubro, correrá en Meis xunto á súa nai **Silvia Roldán** @silvia.roltan.balsalobre formando un tándem imparabile cheo de amor, forza e compromiso coa visibilización da Esclerose Múltiple.

A madriña será a cantante e presentadora de TV, **Fátima Pego** (@fatima\_pegó). Durante anos foi unha das voces máis queridas da verbena galega, brillando como cantante en orquestras tan emblemáticas como @paris\_de\_noia\_ ou @panorama\_oficial.

Hoxe continúa a súa carreira en solitario e tamén a podedes ver cada día como comunicadora no programa @horagalega da @tvgalicia.

Coa axuda e presenza de ambos intentaremos darlle a máxima difusión ao evento e sobre todo dar a coñecer as asociacións de enfermidades raras coas que colaboramos.



**III CARREIRA E ANDAINA**  
*solidaria de Leo*

# A CARREIRA DE LEO 2024 EN IMAXES











Toño Diz


*Promotor da carreira e pai de Leo*

Marta Diz

*Presidenta da Asociación Sociocultural "A Baralla*

Para máis información poden consultar as seguintes ligazóns:

 [A Carreira de Leo](#) // [A Baralla Asociación](#)

 [A Carreira de Leo](#) // [A Baralla Asociación](#)

# A CARREIRA E ANDAINA *solidarria de Leo*



*sempre sae o sol*

**PATROCINIOS 2025**

# O legado de Leo



A Leo, nado en Meis hai 3 anos, o seu corpo non lle deixaba respirar e necesitaba dun respirador 24 horas para facelo.

Naceu cunha mutación xenética clasificada entre todas esas «enfermidades raras» que, só en Galicia, afectan a **200.000 persoas**. Dende que foi diagnosticado, a súa familia fixo todo o que estivo na súa man para intentar salvarlle a vida. Deixando todo atrás, instaláronse en Barcelona por si chegaba o miragre dun trasplante pulmonar. Malia que o trasplante chegou, o pequeno non logrou saír adiante: faleceu en **novembro de 2022**.

A súa vida foi corta, pero o seu paso polo mundo non foi en balde.

Durante todo este tránsito, a súa familia sempre se sentiu moi arroupada por amizades, familiares, veciños, comunidade educativa, asociacións, clubs deportivos, etc. Agora son eles os que deciden continuar con esta onda solidaria para **recadar fondos para as enfermidades raras** e á súa vez **rendir homenaxe ao pequeno Leo**.

O obxectivo deste evento, que trascende o deportivo, é dar visibilidade, apoiar e recadar fondos que axuden a **mellorar a calidade de vida de nenos e nenas que padecen enfermidades raras, severas ou crónicas**.

# Outubro 2025



Este ano 2025, a Carreira e Andaina de Leo celebrárase o **domingo 5 de outubro** e as entidades beneficiarias serán:

- **Duchenne Parent Project España:** É unha asociación creada e dirixida por pais e nais de nenos afectados que loita por encontrar unha cura ou tratamentos que melloren a calidade de vida dos afectados e as súas familias. A Distrofia Muscular de Duchenne e Becker é unha enfermidade dexenerativa e sen cura que, só en Galicia, afecta arredor de 50 cativos. Os músculos dos afectados debilítanse pouco a pouco ata perder toda funcionalidade, limitando enormemente a súa esperanza de vida.
- **Asociación Española da enfermidade de Alexander:** Esta doenza ultrarrara é unha leucodistrofia que afecta ao sistema nervioso central. Non ten cura, provoca a destrución progresiva da mielina, a substancia que recubre e protexe as neuronas, e como consecuencia produce un grave deterioro das capacidades motoras e cognitivas dos pacientes. En Galicia, coñecemos dous nenos diagnosticados: Xandre, de O Grove e Mauro, de Nigrán.

*sempre sae o sol*

**¿QUERES  
COLABORAR?**

# Un Reto para esta edición



A **2ª Carreira e Andaina Solidaria de Leo** superou tódalas expectativas e arredor de **2000 persoas** acompañáronnos nun día memorable. Foi un éxito grazas ao esforzo e implicación de moita xente que colaborou altruístamente para facer que os gastos non fosen moi elevados.

Nesta 3ª edición ampliarase o evento con actuacións musicais e diversa animación infantil polo que nos marcamos un **RETO**.

Queremos **cubrir tódolos gastos do evento** para que cada inscrición na andaina ou nas carreiras recaia directamente nas causas coas que contribuímos neste 2025. Para iso, establecemos 3 categorías de colaboración, que á súa vez teñen diferentes recompensas:



## **PATROCINADOR**

- Logo do patrocinador en tódalas publicacións en RRSS (Setembro).
- 1 publicación compartida co logo de 8 patrocinadores en RRSS (Facebook e Instagram).
- Logo do patrocinador no PHOTOCALL día da carreira.



# PATROCINADOR OFICIAL

- Logo do patrocinador en tódalas publicacións en RRSS (Setembro).
- 1 publicación compartida co logo de 4 patrocinadores en RRSS (Facebook e Instagram).
- Logo do patrocinador no PHOTOCALL día da carreira.
- LONA 2x1m en zona de meta (aportada pola organización) ou materiais aportados polo patrocinador.
- Logo no CARTEL OFICIAL do evento.
- Logo nas + de 1.00 CAMISETAS solidarias.



## PATROCINIO ESPECIAL

- Calquera outra forma de colaboración co evento proposta polo patrocinador.
- #Agasallos para sorteos.
- #Produtos para avituallamento.
- #Obsequios para bolsa do corredor.
- #Exposición de produtos.
- #Stand promocionais.
- #Postos ambulantes con parte do recadado para o evento solidario.
- #Colaboración como fotógrafo/a ou con medios audiovisuais.
- #Fisioterapeutas.
- #Animación
- #Actuacións musicais
- #Etc.

**As doazóns poderán desgravar  
entre un 40 - 50%  
no imposto de sociedades.**

Para máis información consúltanos no  
correo electrónico  
[acarreiradeleo@gmail.com](mailto:acarreiradeleo@gmail.com)  
ou a través de WhatsApp no 665405033  
e explicámosche como facelo.

# A CARREIRA E ANDAINA *solidaria de Leo*



*sempre sae o sol*

**GRAZAS POR COLABORAR**